

Que é un punto de información do Servizo Galego de Colocación?

A Consellería de Traballo, Emprego e Relacións Laborais, a través do Servizo Galego de Colocación, pon a disposición dos usuarios un punto de información coa finalidade de facilitar a súa comunicación e xestións co Servizo Público de Emprego.

Que servizos ofrece o Punto de Información, PI?

Nunha primeira fase o **PI** permite a renovación da demanda de emprego mediante impresión dixital e acceso as ofertas de emprego en difusión e acceso as páxinas web dos diferentes Servizos Públicos de Emprego Nacionais e Autonómicos. Nun futuro estará integrado no Portal de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e ofrecerá tódolos servizos do portal orientados o demandante.

Que teño que facer para renovar a miña demanda nun punto de Información?

O primeiro paso é acudir a súa Oficina de Emprego para rexistar a impresión dixital. Unha vez feito o rexistro, pode utilizar calquera **PI** da Comunidade Autónoma para face-la renovación.

Como é o proceso de renovación no P.I.?

Cando sexa a data de renovación, no **PI** que teña mais preto vou a páxina inicial e escollo a opción de renovación, escribo o meu numero de identificación, que esta no DARDE vello. Na pantalla amósame os dedos dos que teño rexistrada a miña impresión dixital. Poño no lector algún deles e pulso aceptar (co rato). Unha vez realizada a renovación, o PI imprime o novo DARDE.

Non esqueza recolle-lo

Que teño que facer si o punto de información non funciona ou non teño o meu novo DARDE?

Si por calquera causa o **PI** non funciona ou detecta que non lle imprime o novo DARDE, acuda no prazo máximo de DOUS días a súa oficina de emprego para face-la renovación o lle impriman un novo DARDE.

Quen pode renovar a sua demanda no punto de información?

Calquera demandante de emprego que teña a súa impresión dixital rexistrada no **SGC** pode utilizar o punto de información para a renovación da demanda.

Que pasa cando o lector non reconece a miña impresión dixital?

O sistema de recoñecemento esta baseado na comparación de imáxenes de impresións dixitais, si no proceso de captura da impresión, a imaxe foi deformada por exceso de presión ou por calquera outro motivo, non será posible o seu recoñecemento. Nestos casos, probe con outro dedo ou achégese a súa Oficina de Emprego para que volvan a capturar as suas impresións dixitais. Naqueles casos que a nosa impresión dixital non fose recoñecida, podemos facer tres intentos antes de ter que volver a indicar o noso documento de identificación.

